

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2022-2023

Departamento de Matemáticas



1) <u>INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</u>	3
2) <u>CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE</u>	5
3) <u>CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS POR CURSO. RELACIÓN POR CURSO DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E PERFIS COMPETENCIAIS. CONCRECIÓN POR CURSO PARA CADA ESTÁNDAR DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO E CRITERIOS DE AVALIACIÓN, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</u>	11
4) <u>TEMPORALIZACIÓN</u>	12
5) <u>GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA</u> ...	16
6) <u>CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA</u>	16
7) <u>MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS</u>	21
8) <u>CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO</u>	22
9) <u>ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, DE RECUPERACIÓN E DE EVALUACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES</u>	28
10) <u>SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES</u>	33
11) <u>ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE PERMITAN ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DE BACHARELATO</u>	35
12) <u>INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE</u>	35

13) <u>DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E AS MEDIDAS INVIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS</u>	37
14) <u>MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</u>	38
15) <u>SECCIÓN BILINGÜE</u>	40
16) <u>CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN CADA CURSO</u>	44
17) <u>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</u>	46
18) <u>MEDIDAS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESO DE MELLORA</u>	47

ANEXO I - CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS POR CURSO E RELACIÓN POR CURSO DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E PERFIS COMPETENCIAIS. CONCRECIÓN POR CURSO PARA CADA ESTÁNDAR DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO E CRITERIOS DE AVALIACIÓN, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

ANEXO II – PROGRAMACIÓN 2º PMAR

ANEXO III – PROBAS AVALIACIÓN INICIAIS

1) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O centro atópase nun entorno no que a actividade principal está vencellada coa actividade pesqueira extractiva e industrias complementarias como a conserveira, aínda que tamén destaca a actividade estacional do sector turístico. Ditas circunstancias inciden na configuración do núcleo familiar, no que algún dos proxenitores pasa períodos máis ou menos prolongados no mar, sendo o outro proxenitor ou a familia os que asumen os roles propios das persoas titulares da patria potestade.

Todas estas circunstancias temen incidencia na relación e interacción socioeducativa. O alumnado que estuda no centro a ESO procede da propia vila, así como das zonas rurais próximas. Non obstante, en Bacharelato e nos Ciclos Formativos o alumnado, ademais de proceder do propio concello, tamén procede de concellos limítrofes, como Riberia, Boiro, Porto do Son ou Rianxo, que tamén comparten características socioeconómicas semellantes.

Polo xeral, o alumnado ten hábitos de traballo e non existen desfases entre os seus niveis de coñecemento e as súas idades cronolóxicas. Unha porcentaxe pequena de alumnos, distribuídos en primeiro e segundo da ESO, teñen adaptación curricular.

O departamento de Matemáticas que asume a tarefa docente no seu ámbito de coñecemento, ten a seguinte composición:

- Francisco José Maneiro Piñeiro
(reforzo 2º ESO, 3º ESO, 4º Académicas, Matemáticas II Bach)
- Ángel Vidal Triñanes
(3º ESO, 4º Académicas, Matemáticas I Bach)
- Yolanda Díez Baamonde – Xefa de Departamento
(2º ESO, 1º ESO Bilingüe, 2º ESO Bilingüe)
- Elisa Costas Fernández
(1º y 2º Bacharelato CCSS)
- María Susana Pérez Creo
(1º ESO, 4º Aplicadas, 2º PMAR)
- Xosé Antón Mosquera Longueira
(1º ESO con afín 1º ESO Tecnoloxía Dixital)
- Antón Fernández de Sanmamed Ayaso
(2º ESO)

Os reforzos de matemáticas de 1º ESO son impartidos por profesores do departamento de Física e Química.

Tomando como referencia os datos constatados na memoria do curso precedente, e os resultados acadados, o departamento propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

- Promover unha educación intergral e de calidade como centro de referencia da vila.
- Fomentar o uso da aula virtual en todas as situacións.
- Potenciar o alumnado bilingüe.
- Mellorar as cualificacións nas probas ABAU.
- Manter ou mellorar os resultados por curso.
- Continuar co seguimento e apoio ao alumnado coa materia pendente.
- Neste curso impartirase 1º ESO Bilingüe e 2º ESO Bilingüe.

2) CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

INTRODUCCIÓN

A proposta dun desenvolvemento curricular para as Matemáticas debe ter presentes as finalidades que a sociedade asigna ao seu ensino e que xustifica a súa incorporación aos plans de estudo cun incremento da súa carga semanal.

As matemáticas facilitánnos interpretar o mundo que nos rodea, reflicten a capacidade creativa, expresan con precisión conceptos e argumentos, favorecen a competencia para aprender a aprender e conteñen elementos de gran beleza, sen esquecer ademais o carácter instrumental que as matemáticas teñen como base fundamental para a adquisición de novos coñecementos noutras disciplinas, nomeadamente no proceso científico e tecnolóxico, e como forza condutora no desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

vinculación das matemáticas aos avances científicos e a tecnoloxía da civilización dan sentido, neste período fundamental da formación do alumnado, á necesidade de potenciar, de forma racional, o manexo dos elementos que a tecnoloxía pon a nosa disposición (calculadora, programas informáticos,...) co obxecto de poñer ao alumnado en contacto con tan poderosos instrumentos.

A competencia matemática consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

COMPETENCIAS CLAVE

Dende a área de matemáticas traballaranse as seguintes competencias CLAVE:

a) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Esta competencia consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. En concreto, abrangue os aspectos e as facetas seguintes: pensar, modelar e razoar de xeito matemático; formular e resolver problemas; representar entidades matemáticas; utilizar os símbolos matemáticos; comunicarse coas matemáticas e sobre elas; e utilizar axudas e ferramentas tecnolóxicas. Por outra banda, o pensamento matemático axuda á adquisición do resto de competencias e contribúe á formación intelectual do alumnado, o que permitirá que se desenvolva mellor tanto no ámbito persoal como no social

b) Comunicación lingüística (CCL). Ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos

c) Competencia dixital (CD). Ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema e á comprobación da solución

d) Aprender a aprender (CAA). Ao proporcionar estratexias de planificación e análise que axudan na resolución de problemas, así como actitudes de curiosidade e hábitos de formularse preguntas

e) Competencias sociais e cívicas (CSC). Ao implicar unha actitude aberta ante diferentes solucións

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema

g) Conciencia e expresións culturais (CCEC). Debido á necesidade de coñecer, comprender, apreciar e valorar diferentes manifestacións culturais relacionadas co coñecemento matemático e científico

A contribución ao desenvolvemento das competencias clave, e a concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis que forman parte dos perfís competenciais están recollidos nas táboas correspondentes a cada curso.

OBXECTIVOS

Os obxectivos que se traballarán no curso, son os seguintes, e a súa concreción está recollida nas táboas correspondentes a cada curso:

- E.S.O.

Traballaranse os estándares que podan axudar a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan acadar os seguintes obxectivos:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

- BACHARELATO

Traballaranse os estándares que podan axudar a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan acadar os seguintes obxectivos:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

- j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

- ñ) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3) CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS POR CURSO E RELACIÓN POR CURSO DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E PERFIS COMPETENCIAIS. CONCRECIÓN POR CURSO PARA CADA ESTÁNDAR DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO E CRITERIOS DE AVALIACIÓN, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Especificanse no ANEXO I para 2º ESO, 4º ESO e 2º Bacharelato, e no ANEXO II para 2º PMAR.

4) TEMPORALIZACIÓN

MATEMÁTICAS 2º ESO

1º TRIMESTRE

- 1.-Os números naturais
- 2.-Os números enteiros
- 3.-Números decimais e fraccionarios
- 4.-Operacións con fraccións
- 5.-Proporcionalidade e porcentaxes

2º TRIMESTRE

- 6.-Álgebra
- 7.-Ecuacións de primeiro e segundo grao
- 8.-Sistemas de ecuacións
- 9.-Teorema de Pitágoras
- 10.Semellanza

3º TRIMESTRE

- 11.- Corpos xeométricos
- 12.- Medidas de volumen
- 13.- Funcións
- 14.- Estatística
- 15.- Azar y probabilidade

MATEMÁTICAS 4º ESO MATEMÁTICAS ACADÉMICAS

1º TRIMESTRE

- 1.-Números reais
- 2.-Polinomios e fraccións alxebraicas
- 3.-Ecuacións, inecuacións e sistemas
- 4.-Funcións. Características

2º TRIMESTRE

- 5.-Funcións elementais
- 6.-Álgebra
- 7.-Trigonometría
- 8.-Xeometría analítica

3º TRIMESTRE

- 9.-Estatística
- 10.-Distribucións bidimensionais
- 11.-Combinatoria
- 12.-Cálculo de probabilidade

MATEMÁTICAS 4º ESO MATEMÁTICAS APLICADAS

1º TRIMESTRE

- 1.-Números enteros e racionais
- 2.-Números decimais
- 3.-Números reais
- 4.-Problemas aritméticos
- 5.-Expresións alxebraica

2º TRIMESTRE

- 6.-Ecuacións
- 7.-Sistemas de ecuacións
- 8.-Funcións. Características
- 9.-Funcións elementais

3º TRIMESTRE

- 10.-Xeometría
- 11.-Estatística
- 12.-Distribucións bidimensionais
- 13.-Probabilidade

2º BACHARELATO MATEMÁTICAS II

1º TRIMESTRE

Bloque de análisis

2º TRIMESTRE

Bloque de álgebra e xeometría

3º TRIMESTRE

Bloque de xeometría e probabilidade

2º BACHARELATO MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CC SS II

1º TRIMESTRE

Bloque de análisis

2º TRIMESTRE

Bloque de álgebra

3º TRIMESTRE

Bloque de estatística

5) GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Están expostos para cada curso nas táboas no apartado 3.

6) CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Segundo determina o artigo 11 do Decreto 86/2015, de 25 de junio, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, as propostas pedagóxicas e a metodoloxía didáctica terán en conta os seguintes principios:

1.- Atención á diversidade, tendo en conta as necesidades do alumnado, co obxecto de acadar unha atención personalizada.

O proceso de aprendizaxe terá unha dobre dirección. Todos e todas temos que aprender do resto, ninguén aprende só, e así llelo teremos que transmitir ao alumnado.

Avanzarase nos temas conforme o alumnado os vaia asimilando, polo que a temporalización exposta con anterioridade está suxeita á flexibilidade que se requira no momento, as necesidades e o nivel de comprensión daquel, aínda que se fará sempre a través da

coordinación das distintas persoas do departamento, co obxecto de poder atender, na medida do posible, as necesidades que o proceso de aprendizaxe poña de manifesto.

2.- Garantirse o acceso de todo o alumnado á educación común. Isto implica que no desenvolvemento do currículo común os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados e sexan accesibles e coñecidos por todo o alumnado.

Cómpre ter en conta a importancia do uso das matemáticas nesa educación común, tal como aparece expresamente no parágrafo 5º do citado artigo 11 do Decreto 86/2015.

Durante os primeiros cursos é necesario que o alumnado alcance soltura suficiente no cálculo, sempre apoiado na adquisición do sentido numérico, que abrangue cálculo mental, estimación e dominio reflexivo das propiedades e operacións. Posteriormente, ao longo das etapas educativas, o alumnado debe progresar na adquisición das habilidades de pensamento matemático; debe pasar de conseguir dominar os cálculos e as súas ferramentas a centrarse, xa no bacharelato, en

desenvolver os procedementos e a capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar de xeito matemático diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Os procedementos, os razoamentos, a argumentación e a expresión matemática das situacións e dos problemas han contribuír de maneira especial a lograr a adquisición das competencias clave.

3.- Teranse en contaos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado, para os efectos de establecer os mecanismos de reforzo axeitados e máis eficaces.

As aulas serán participativas, fomentando o coñecemento por medio do descubrimento e do traballo e investigación dos alumnos e alumnas. As explicacións irán acompañadas de numerosos exemplos prácticos antes de formalizar os conceptos matemáticos. Usaremos, sempre que sexa posible, exemplos da vida real, e fundamentalmente do seu entorno mais inmediato para favorecer a comprensión dos conceptos matemáticos.

4.- Favorecerase a aprendizaxe individual e cooperativa, así como o uso de metodoloxía activa e participativa. Intentarase traballar o máximo posible unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, en equipo e en rede, Sempre priorizando a aprendizaxe horizontal sobre a vertical onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros; unha metodoloxía baseada en actividades ou proxectos matemáticos que poñan en contexto os contidos aprendidos, o que permitirá fortalecer a autonomía persoal e o traballo en equipo, entre outras habilidades.

Non obstante, consideramos que debe deixarse a criterio de cada docente a conveniencia de organizar traballo en grupos ou individualizado dependendo dos diferentes contidos e niveis de cada clase. En Bacharelato primarase o traballo individual co obxecto de aumentar a autonomía persoal.

A metodoloxía adaptarase a grupos e situacións diferentes, buscando sempre unha adecuada motivación para animar ao alumnado e rendibilizar todo o posible os recursos de que se dispoña. Utilizarase unha linguaxe sinxela e directa e ao comezo do curso o profesor/a debe dar certas pautas sobre a organización da materia e a presentación do caderno ou traballos, fundamentalmente os criterios de cualificación mostrados nesta programación.

5.- Fomentarase o traballo en equipo do profesorado, tendo en conta un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, o que implica a coordinación do equipo docente co obxecto de acadar estándares de aprendizaxe avaliáveis e garantir a adquisición de competencias.

Para tal efecto, o profesorado propondrá a realización dunha abundante batería de exercicios con nivel crecente de dificultade e adecuados aos contidos explicados, continuando con outro tipo de exercicios que estean vinculados con outros contidos xa explicados.

Formularanse cuestións teóricas, relacionados ou non coa materia específica, pero que conleven o uso do razoamento matemático, para así vincular os contidos matemáticos coa vida real ou con outras disciplinas científicas.

Por outra banda realizáranse actividades lúdicas con aspectos ou contidos matemáticos como a realización de tangrams, dominós matemáticos, e outros recursos similares.

Insistirase, sempre que o programa o permita, nos mecanismos de cálculo e nos coñecementos tratados noutros cursos, para que estes non sexan esquecidos.

6.- Promoverase a integración do uso de tecnoloxías da información, así como ferramentas tecnolóxicas para a concreción de determinados temas.

O Departamento dedicará unha especial atención e fíncapé os principais contidos matemáticos usando todos cantos recursos pedagóxicos estén o seu alcance, recorrendo a casos prácticos e exemplos do entorno social e físico, procurando manter a atención do alumnado facendo preguntas durante a explicación para comprobar o grao de entendemento e comprensión. Dentro desta dinámica a ferramenta tecnolóxica resulta un elemento que adoita espertar a curiosidade, por mor da relación cotiá do alumnado con este tipo de recursos noutros aspectos da súa vida e interacción social.

7.- Procurarase a realización de actividades de aprendizaxe integradas.

Así, os novos coñecementos que se deben adquirir teñen que apoiarse nos xa conseguidos: os contextos deben ser elixidos para que o alumnado se aproxime ao coñecemento de forma intuitiva mediante situacións próximas a este, e vaia adquirindo cada vez maior complexidade, ampliando progresivamente a aplicación a problemas relacionados con fenómenos naturais e sociais e a outros contextos menos próximos á súa realidade inmediata.

8.-Os alumnos e alumnas encadrados nos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento presentan unhas características moi definidas: importantes carencias e dificultades na aprendizaxe (non imputables á absoluta falta de estudo e traballo), baixa autoestima, escasa motivación e outras deficiencias relativas á autonomía na aprendizaxe, os recursos instrumentais e os hábitos de traballo.

As características apuntadas demandan que o proceso de ensino e aprendizaxe sexa, en primeiro termo, eminentemente práctico e funcional. A incorporación do concepto de competencias básicas ao novo currículo, claramente integrador e orientado á funcionalidade dos saberes e habilidades adquiridos, actúa tamén no mesmo senso. As estratexias metodolóxicas orientaranse, por tanto, a que o alumno perciba facilmente a conexión entre os contidos tratados e o mundo que o rodea. Será necesario identificar os intereses, valores e inquedanzas dos alumnos para logo controlalos e usalos no proceso educativo. A presentación de situacións próximas aos alumnos ou con proxección futura fóra das aulas favorecerá a súa implicación axudarlles a encontrar o sentido e utilidade da aprendizaxe. Todo sen esquecer que coñecer o legado cultural tamén permitirálles entender o presente e deseñar o futuro.

Xunto ao enfoque eminentemente práctico, tamén contribuirán a mellorar a motivación dos alumnos outra serie de estratexias: a realización de actividades variadas e o emprego de materiais e recursos didácticos moi diversos, que evitarán a monotonía; conseguir un bo ambiente na clase e manter un certo grao de negociación e debate crítico entre profesor e alumnos para conseguir unha actitude activa e participativa destes.

Será necesario tamén mellorar a súa autoestima para que poidan superar posibles complexos derivados do seu fracaso escolar anterior. As estratexias serán a graduación coherente na dificultade das actividades, de maneira que xeneren expectativas de éxito, o apoio constante do profesor resaltando os logros do alumno e a autoavaliación deste en determinados momentos do proceso de aprendizaxe.

A metodoloxía inspirárase tamén no modelo constructivista da aprendizaxe significativa. Isto supón establecer conexións entre os novos coñecementos e os esquemas cognitivos que desenvolveu o alumno a través de experiencias previas, de modo que non só se amplíen e perfeccionen as estruturas de coñecemento, senón que se consiga unha aprendizaxe sólida e duradeira. Pero esta actividade constructiva non se considera estrictamente individual, senón derivada da interacción equilibrada entre profesor e alumno. Esta interacción imprescindible estará encamiñada a que o alumno aprenda como desenvolver os seus coñecementos por sí só posteriormente.

Este ámbito contribúe a acadar as competencias para a aprendizaxe permanente e contén a formación para que o alumno sexa consciente tanto da súa propia persoa como do medio que o rodea e os contidos dese ámbito contribúen a afianzar e aplicar hábitos saudables en todos os aspectos da súa vida cotiá. Igualmente fórmaselles para que utilicen a linguaxe operacional das matemáticas na resolución de problemas de distinta índole, aplicados a calquera situación, xa sexa na súa vida cotiá como na súa vida laboral, así como aplicar os principios da física e da química para traballar de maneira autónoma e construír a súa propia aprendizaxe que lles permita obter resultados reais xerados por eles mesmos.

A estratexia de aprendizaxe para o ensino deste ámbito enfócase aos conceptos principais das materias que inclúen o ámbito, así como ao seu carácter interdisciplinar, que proporciona ao alumno unha maior motivación e capacidade para contextualizar os mesmos. Os alumnos deben comprender en todo momento a relación existente entre o que está estudando, o seu entorno máis inmediato e os seus intereses personais presentes e futuros.

7) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

2º ESO → EDIXGAL

4º ESO ACADÉMICAS → ANAYA ISBN: 978-84-698-1069-9

4º ESO APLICADAS → ANAYA ISBN: 978-84-698-1072-9

2º BACH MATEMÁTICAS II → SM ISBN: 9788467587135

2º BACH MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS → SM ISBN: 9788467587142

Así mesmo, cada profesor empregará, no momento que estime oportuno, os diferentes recursos e materiais (libros, dixitais e de texto, vídeos, corpos xeométricos, ...) que ten a súa disposición no departamento.

Os materiais e recursos didácticos que os membros do departamento usarán nas súas clases serán :

- Explicacións con retroproxeutor, canón, etc.
- Explicacións na pizarra
- Libros de texto.
- Utilización da calculadora científica.
- Aula de informática.
- Folla de cálculo
- Cálculo simbólico
- Representación gráfica
- Xornais.
- Xogos
- Tangram
- Puzles
- Figuras poliédricas.
- Vídeos
- Papiroflexia
- Uso de instrumentos de debuxo técnico.
- Programas informáticos de aplicación matemática como Geogebra ou similares.

8) CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

a) AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO DE ESO

Os criterios de avaliación serán igual para todo a alumnado da ESO, incluíndo os alumnos da sesión bilingüe.

- Avaliación inicial

O profesorado fará ao seu alumnado unha proba individual escrita de coñecementos previos, ou avaliación inicial, que permitirá coñecer cal é a situación real de cada alumno con respecto dos contidos previstos na programación anual.

Na ESO, en función dos resultados, poderanse adoptar medidas individuais como adaptacións curriculares ou reforzos, ou medidas colectivas como a integración en agrupamentos específicos, ou outras da mesma natureza, sempre que a dispoñibilidade de docentes o permita.

- Avaliación ao longo do curso

A avaliación positiva ou negativa do alumnado estará en relación cos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe previamente establecidos, e que se concretan, entre outros mecanismos, nas probas escritas correspondentes a cada un dos períodos de avaliación marcados pola CCP.

A determinación do grao de consecución dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, concretarase do seguinte xeito:

O 80% da nota que indique o grao de consecución dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, en cada un dos períodos de avaliación, obterase dos resultados acadados en probas escritas de carácter individual. Nelas avaliaranse as destrezas matemáticas necesarias para cada criterio de avaliación e estándar de aprendizaxe. Os contidos sobre os que versarán as probas dependerán da materia impartida e do curso; por regra xeral faranse, como mínimo, dous exames ou probas individuais escritas por avaliación. No caso de que por situacións extraordinarias ou

de forza maior debidamente xustificadas (p.e. folgas continuadas, ausencia de docentes por enfermidade ou outras situacións impeditivas do normal desenvolvemento docente da materia prevista) poderase realizar unha única proba por avaliación.

Realizadas as probas escritas correspondentes obterase a media ponderada entre elas, tendo en conta a extensión da materia e a súa complexidade en cada unha das probas realizadas.

No caso de que varios profesores compartan nivel e materia, unificaranse os criterios a aplicar, tendo en conta os parámetros indicados con anterioridade.

O 20% restante da nota que indique o grao de consecución dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, en cada un dos periodos de avaliación obterase usando os instrumentos e procedementos anteriormente indicados nas táboas (ver punto 2.4). Así, o traballo diario na aula (resolución de exercicios e problemas na aula, prácticas no encerado, grao de atención e participación), e o seguemento do caderno do alumnado e os traballos, tarefas ou probas realizadas de xeito individual constituirán os elementos determinantes daquela porcentaxe. (nas que se vexa reflectido o traballo de alumno e do cal o alumnado poda responder dos seus razonamentos)

Para o alumnado que non acade as puntuacións mínimas (entendendo como tais aquelas por baixo de 5) farase unha recuperación como mínimo ao remate de cada unha das avaliacións suspensas.

No tocante á avaliación do alumnado participante en mobilidades de proxectos Erasmus +, adaptaremos o noso proceso ás actividades desenvolvidas nesa mobilidade. Aceptaremos como propias as cualificacións obtidas polo noso alumnado na súa estada fóra, empregando estas xunto coas nosas (de ser o caso) para o cálculo da nota final do trimestre afectado. No caso de ser negativas, solicitaremos da entidade receptora, modelo de exame de recuperación para o noso alumnado, ou cando menos relación das actividades desenvolvidas durante a actividade.

- Avaliación final xuño

De conformidade co previsto na orde Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia; o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría. Ditas actividades poderán terse en conta para a cualificación definitiva da materia que se fará efectiva na avaliación final de curso, para estes efectos procederase do seguinte xeito:

1.-ALUMNADO QUE TEÑA A MATERIA CON PARTES SEN SUPERAR LOGO DA RELIZACIÓN DA 3ª AVALIACIÓN PARCIAL:

- O docente realizará un breve informe individualizado no que se recollan as bases para o deseño das actividades de recuperación.
- Realización de actividades de apoio, reforzo, recuperación e tutoría.
- O alumnado recibirá o material necesario para a realización de ditas actividades.
- Realización de probas de recuperación correspondentes as partes da materia NON superadas.

AVALIACIÓN FINAL:

O alumnado fará un exame final, no que poderá recuperar as avaliacións non superadas, sendo a calificación final a que obteña na realización desta proba final de recuperación.

A nota final obterase facendo a media das puntuacións obtidas en cada avaliación.

2.- ALUMNADO QUE NON TEÑA A MATERIA CON PARTES SEN SUPERAR LOGO DA RELIZACIÓN DA 3ª AVALIACIÓN PARCIAL:

- Realización de actividades de apoio, reforzó, recuperación, ampliación e titoría.
- O alumnado recibirá o material necesario para a realización de ditas actividades.

AVALIACIÓN FINAL:

A correcta realización de ditas actividades de reforzo, repaso, apoio, ampliación e titoría, poderán terse en conta na cualificación final, ata un máximo de 0,5 puntos que se sumarán á nota promedio das tres avaliacións superadas.

B) AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO DE BACHARELATO

- Avaliación inicial

O profesorado fará ao seu alumnado unha proba individual escrita de coñecementos previos, ou avaliación inicial, que permitirá coñecer cal é a situación real de cada alumno con respecto dos contidos previstos na programación anual.

- Avaliación ao longo do curso

A avaliación positiva ou negativa do alumnado estará en relación cos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe previamente establecidos, e que se concretan, entre outros mecanismos, nas probas escritas correspondentes a cada un dos períodos de avaliación marcados pola CCP.

A determinación do grao de consecución dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, concretarase do seguinte xeito:

O 80% da nota que indique o grao de consecución dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, en cada un dos períodos de avaliación, obterase dos resultados acadados en probas escritas de carácter individual. Nelas avaliaranse as destrezas matemáticas necesarias para cada criterio de avaliación e estándar de aprendizaxe. Os contidos sobre os que versarán as probas dependerán da materia impartida e do curso; por regra xeral faranse, como mínimo, dous exames ou probas individuais escritas por avaliación. No caso de que por situacións extraordinarias ou de forza maior debidamente xustificadas (p.e. folgas continuadas, ausencia de docentes por enfermidade ou outras situacións impeditivas do normal desenvolvemento docente da materia prevista) poderase realizar unha única proba por avaliación.

Realizadas as probas escritas correspondentes obterase a media ponderada entre elas, tendo en conta a extensión da materia e a súa complexidade en cada unha das probas realizadas.

No caso de que varios profesores compartan nivel e materia, unificaranse os criterios a aplicar, tendo en conta os parámetros indicados con anterioridade.

O 20% restante da nota que indique o grao de consecución dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, en cada un dos periodos de avaliación obterase usando os instrumentos e procedementos anteriormente indicados nas táboas (ver punto 2.4). Así, o traballo diario na aula (resolución de exercicios e problemas na aula, prácticas no encerado, grao de atención e participación), e o seguemento do caderno do alumnado e os traballos, tarefas ou probas realizadas de xeito individual ou grupal, constituirán os elementos determinantes daquela porcentaxe. (nas que se vexa reflectido o traballo de alumno e do cal o alumnado poda responder dos seus razonamentos).

No caso de 2º de bacharelato cada bloque temático terá unha nota e faranse as recuperacións correspondentes por bloques temáticos.

En Matemáticas Aplicadas ás ciencias sociais II realizaranse dúas probas escritas por bloque temático (Álgebra, Análisis e Estatística). Ditas probas serán acumulativas, isto é, incluíndo preguntas de todo o bloque, para que o alumnado adquira unha visión xeral deste. Por conseguinte, a ponderación a realizar entre ditas probas será dun 40% para a primeira proba escrita, e un 60% para a segunda (debido ao seu carácter acumulativo).

- Avaliación final xuño

O alumnado que non supere a materia terá que presentarse á proba de xuño tendo que facelo da totalidade da materia desenvolvida ao longo do curso. A nota correspondente á materia será a obtida na proba de xuño.

No caso de 2º de bacharelato a nota final será a media ponderada das notas de cada bloque utilizando a mesma ponderación que a CIUGA.

O incumprimento das normas de realización de exames (copiar, utilizar material non permitido, etc) por parte dun alumno nun exame implicará a obtención da nota mínima en dito exame.

9) ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, DE RECUPERACIÓN E DE EVALUACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Terase en conta o grao de alcance dos estándares mínimos para a superación da materia:

ESTANDARES MÍNIMOS DE 1º ESO:

Consideraranse como mínimos esixibles para a recuperación da materia pendente os graos mínimos para a superación da materia daqueles estándares (relacionados na táboa correspondente) que traballen os seguintes contidos :

- Interpretación, ordenación, comparación, representación gráfica e clasificación dos números naturais, enteiros e racionais.
- Utilización dos algoritmos da suma, resta, multiplicación, división e porcentaxes con números naturais, enteiros, fraccións e decimais.
- Resolución de problemas onde se aplican criterios de divisibilidade.
- Utilización das potencias e raíces cuadradas de forma básica.
- Resolución de ecuacións de primeiro grao.
- Utilización do factor de conversión, o método de redución á unidade e a regra de tres simple.
- Utilización do vocabulario adecuado para interpretar e transmitir información sobre a forma e o tamaño dos obxectos.
- Expresión de medidas feitas con precisión.
- Medida de áreas de figuras planas descompoñéndoas noutras máis simples e aplicando fórmulas sinxelas.
- Recoñecemento de figuras no espacio.
- Utilización e interpretación da linguaxe gráfica e estatística, tendo en conta a situación que presenta e empregando o vocabulario e os símbolos máis adecuados.
- Describir e cuantificar situacións relacionadas co azar.

ESTÁNDARES MÍNIMOS DE 2º ESO:

Consideraranse como mínimos esixibles para a recuperación da materia pendente os graos mínimos ,para a superación da materia, daqueles estándares (relacionados na táboa correspondente) que traballen os seguintes contidos :

- Interpretación e utilización dos números enteiros e racionais, así como as súas operacións.
- Uso correcto da xerarquía das operacións e, emprego adecuado das propiedades en cálculos non excesivamente complexos.
- Cálculo de raíces cadradas sinxelas.
- Distinción entre medidas de capacidade, masa e volume. Estimación e cálculo de medidas de obxectos e espazos.
- Utilización de expresións alxébricas, de proporcionalidade directa e inversa.
- Resolución de ecuacións de primeiro e segundo grao.
- Resolución de sistemas de ecuacións.
- Resolución de problemas diferenciando os elementos coñecidos dos que se pretende averiguar, así como os relevantes e os irrelevantes.
- Representación das funcións lineais, constantes e afíns.
- Elaboración e interpretación da táboas numéricas a partir de conxuntos de datos, de gráficas e de expresións funcionais, tendo en conta o fenómeno ó que se refiren.
- Resolve problemas sinxelos de cálculo de áreas e volumes de corpos xeométricos

ESTÁNDARES MÍNIMOS 3º ESO (Académicas):

Consideraranse como mínimos esixibles para a recuperación da materia pendente os graos mínimos para a superación da materia daqueles estándares (relacionados na táboa correspondente) que traballen os seguintes contidos :

- Realizar correctamente operacións combinadas con números naturais, enteiros e racionais.
- Operar con números en notación científica.
- Manexar correctamente as propiedades das potencias.
- Calcular a fracción xeratriz dun número decimal.
- Calcular raíces e expresión dunha raíz en forma de potencia.
- Recoñecer os distintos conxuntos de números: naturais, enteiros, racionais e reais.
- Clasificar correctamente unha serie numérica.
- Obtención do termo xeral e cálculo de certos termos de progresións aritméticas e xeométricas. Suma dun número determinado de termos duna progresión. Resolución de problemas.
- Operar con polinomios: suma, resta, multiplicación e división. División de un polinomio polo binomio $x-a$, regra de Ruffini. Factorización.
- Empregar adecuadamente as igualdades notables.
- Resolver ecuacións de primeiro e segundo grao.
- Resolver sistemas de ecuacións lineais.
- Traducir a linguaxe alxébrica enunciados de problemas.
- Resolver problemas nos que sexa necesario empregar ecuacións ou sistemas de ecuacións.
- Resolver problemas aplicando o teorema de Pitágoras e os criterios de semellanza.
- Recoñecer figuras no espacio.
- Recoñecer as transformacións xeométricas e a súa composición.
- Representar, interpretar e recoñecer funcións sinxelas, así como as súas propiedades elementais.
- Construción duna táboa estatística e cálculo das súas principais medidas.
- Asignar probabilidades a sucesos en experiencias regulares.
- Coñecer e manexar a Lei de Laplace.

ESTÁNDARES MÍNIMOS 3º ESO (Aplicadas):

Consideraranse como mínimos esixibles para a recuperación da materia pendente os graos mínimos para a superación da materia daqueles estándares (relacionados na táboa correspondente) que traballen os seguintes contidos :

- Realizar correctamente operacións combinadas con números naturais, enteiros e racionais.
- Operar con números en notación científica.
- Manexar correctamente as propiedades das potencias.
- Calcular a fracción xeratriz dun número decimal.
- Recoñecer os distintos conxuntos de números: naturais, enteiros, racionais e reais.
- Clasificar correctamente unha serie numérica.
- Obtención do termo xeral e cálculo de certos termos de progresións aritméticas e xeométricas.. Resolución de problemas.
- Operar con polinomios: suma, resta, multiplicación.
- Empregar adecuadamente as igualdades notables.
- Resolver ecuacións de primeiro e segundo grao.
- Resolver sistemas de ecuacións lineais.
- Traducir a linguaxe alxébrica enunciados de problemas.
- Resolver problemas nos que sexa necesario empregar ecuacións ou sistemas de ecuacións.
- Resolver problemas aplicando Pitágoras e os criterios de semellanza.
- Recoñecer figuras no espacio.
- Recoñecer as transformacións xeométricas e a súa composición.
- Representar, interpretar e recoñecer funcións sinxelas, así como as súas propiedades elementais.
- Construción duna táboa estatística e cálculo das súas principais medidas.

ESTÁNDARES MÍNIMOS 1º BACHARELATO:

En 1º de Bacharelato consideraranse como mínimos esixibles para a recuperación da materia pendente os graos mínimos para a superación da materia daqueles estándares (relacionados nas táboas correspondente) que traballen os contidos:

- Operar correctamente con Logaritmos
- Resolver ecuacións non alxébricas sinxelas
- Resolución de problemas mediante ecuacións e inecuacións
- Calcular as razóns trigonométricas dun ángulo calquera. Ángulo dobre
- Resolución de ecuacións trigonométricas sinxelas
- Operar con números complexos. En forma binómica e polar
- Calcular as distintas ecuacións da recta. Estudiar as posicións relativas de rectas. Calcular distancias e ángulos.
- Calcular as ecuacións e principais elementos da circunferencia, elipse, hipérbola e parábola.
- Cálculo de límites. Límites laterais. Indeterminacións
- Cálculo de derivadas. Regra da cadea
- Parámetros de distribucións bidimensionais (media, varianza e desviación típica)

10) SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

O departamento de matemáticas considera as seguintes posibilidades para superar unha materia pendente:

1) Por avaliacións (Só para alumnos de ESO e PMAR)

O alumnado de ESO terá superada a materia de matemáticas dun curso anterior se aproba as dúas primeiras avaliacións do curso actual.

No caso de alumnos de PMAR deben aprobar todo o Ámbito Científico do curso actual para superar a materia de matemáticas.

2) Exames parciais (Para alumnos de ESO e Bacharelato)

Para o alumnado coas matemáticas pendentes do curso anterior, dividiremos a materia pendente en dúas partes, co fin de facer a tarefa máis doada, da primeira parte realizarán unha proba conxunta a mediados de xaneiro, da segunda será en marzo.

De cada unha das partes o departamento propondrá unha colección de exercicios de repaso da materia pendente, as dúbidas que se lle presenten para a súa resolución poderán consultalas co seu profesor/a ou con calquera membro deste departamento.

3) Exames finais (Para alumnos de ESO e Bacharelato)

Ademais, no caso no que o alumno non supere algunha destas dúas probas disporá do examen final ordinario nas datas establecidas no calendario de exames de materias pendentes., disposto por Xefatura de Estudos.

O alumnado que non acadase cualificación positiva terá unha convocatoria extraordinaria para poder acadar os mínimos esixibles e superar a materia.

AVALIACIÓN

Como criterio de corrección nas probas escritas, valoraremos os coñecementos teórico- prácticos do alumnado e a adecuada utilización das ferramentas matemáticas, así como o rigor nos razoamentos desenvolto e a linguaxe utilizada.

Na resolución dos problemas, exercicios e cuestións serán valorados os seguintes aspectos:

- A identificación do modelo matemático e das propiedades matemáticas e a súa descripción concisa.
- A coherencia ordeada e razoada da exposición da resposta.
- A claridade de exposición.
- A utilización dunha adecuada terminoloxía e notación matemática.
- A facilidade e precisión na realización do cálculo.
- Se no desenvolvemento dunha resposta, por erro nos cálculos, o alumno/a obtén unha solución absurda, será valorado positivamente que fagan constar o absurdo de tal resultado.

A ausencia de explicacións na solución dun problema repercutirá negativamente na súa valoración, podendo ter unha puntuación nula se só se aporta a solución numérica dun problema ou cuestión sen ningunha explicación.

Será valorada a corrección e detalle das mesmas, a utilización de unidades e o mantemento, aproximado, das proporcións.

